



## PROTOCOLO INSCRIPCIONS/DEVOLUCIONS MATRICULAS DOS CURSOS FORMATIVOS DA EGAM

Para formalizar a matrícula nun curso formativo impartido pola EGAM (Escola Galega de Alta Montaña) da FGM sempre haberá que dirixirse o portal de inscricións Play Off a través do link correspondente publicado na web da FGM para os deportistas particulares e vía Play Off directamente para os Clubs mediante o seu acceso.

Ademais de cumprir os requisitos de estar federado/a nalguna das diferentes modalidades de licenza (algúns cursos permiten o acceso a persoas non federadas mediante a tramitación de “Licenza dun día”) e cumprir os requisitos mínimos físico/técnicos que exprese a convocatoria publicada pola EGAM-FGM.

Para solicitar a devolución da matrícula dun curso, haberá que dirixirse a FGM mediante o correo [fedgalmon@fedgalmon.gal](mailto:fedgalmon@fedgalmon.gal) indicando o curso no que se quere causar baixa, aportando nome e apelidos así como o N<sup>o</sup> de conta onde recibir o abono.

- Política de devolucións:
  - o Dende o día da publicación do curso ate peche de inscricións do mesmo, *devolución do 100% da matrícula.*
  - o Entre os 5 e 3 días antes do inicio do curso, *devolución do 50% da matrícula.*
  - o No período comprendido entre os 3 últimos días e o inicio do curso, *NON SE CONTEMPLAN DEVOLUCIONS.*
  - o En calquera dos dous casos anteriores, si se conseguiron cubrir o 100% das prazas, procederase a *devolución do resto da matrícula, unha vez finalizado o curso.*

En calquera momento antes do inicio do curso, cando o motivo da baixa sexa por lesión, enfermidade ou forza maior, debidamente acreditada mediante xustificante, *devolverase o 100% da matrícula.*

No caso de que o curso sexa suspendido ou cancelado por parte da EGAM-FGM, ben sexa por razóns meteorolóxicas, de forza maior, falta de quórum mínimo ou outros motivos técnicos, *a devolución será íntegra (100% da matrícula).*